



INSTRUCCIÓN CONXUNTA 2/2026 DA XERENCIA DA UDC E DA VICERREITORÍA DE INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE SOBRE O ACCESO, ESTACIONAMENTO E CARGA DE VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL (VMP) NAS INSTALACIÓNS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Á vista do informe emitido polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais relativo aos riscos asociados á presenza e carga de Vehículos de Mobilidade Persoal (VMP), especialmente equipados con baterías de litio, nas instalacións universitarias, e co obxectivo de garantir a seguridade das persoas e a protección dos edificios da UDC, emítese a seguinte instrución:

1. Prohibición de acceso de VMP aos edificios da UDC

Non se permitirá a entrada de Vehículos de Mobilidade Persoal (VMP) no interior de ningunha das instalacións da Universidade da Coruña.

Esta medida adóptase debido aos riscos asociados á presenza destes dispositivos no interior dos edificios e á inexistencia de espazos que cumpran as condicións requiridas de seguridade para o seu estacionamento e almacenamento.

Quedan excluídos do ámbito desta instrución os produtos de apoio á mobilidade das persoas con discapacidade ou con mobilidade reducida.

2. Prohibición expresa de carga de VMP no interior dos edificios

Queda terminantemente prohibida a conexión, carga ou manipulación das baterías dos VMP en calquera espazo interior da UDC.

O Servizo de Prevención destacou os elevados riscos de incendio asociados ás baterías de litio, a dificultade da súa extinción e a elevada toxicidade dos gases que poden emitirse durante a combustión.

3. Uso de aparcabicis exteriores

As persoas usuarias que desexen acudir con VMP ás instalacións universitarias poderán facelo **unicamente ata os exteriores dos edificios**, onde poderán empregar os **aparcabicis exteriores habilitados**.

Lémbrese que estes puntos non permiten a carga do dispositivo.

O estacionamento dos VMP realizarase baixo a responsabilidade das persoas usuarias

4. Entrada en vigor

A presente instrución terá efectos desde o día seguinte á súa publicación no Taboleiro Electrónico da UDC, e será de obrigado cumprimento en todos os centros, facultades, edificios administrativos e demais instalacións da Universidade da Coruña.

María Jesús Grela Barreiro
Xerente

Sonia Vázquez Díaz
Vicerreitora de Infraestruturas e Sustentabilidade